

## FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE PRIMARIA. AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR.

### BENEFICIARIOS:

- Poden solicitar **as axudas para a adquisición de material** escolar o alumnado matriculado en E. Primaria para o curso escolar 2022-2023.
- Poden solicitar **a axuda para a adquisición de libros de texto** o alumnado matriculado en 1º, 2º.  
(En 3º E.P. se permite a adquisición e substitución de libros de texto, de acordo co establecido na Orde do 29 de Abril de 2022 (DOG do 18 de maio). Pero aínda está por decidir por polo equipo docente).
- Poden solicitar acollerse ao **fondo solidario** todo o alumnado matriculado en , 4º E. Primaria para o curso 2022-2023.  
( Segundo a decisión que se tome polo equipo docente, tamén en 3º de E. Primaria).

### REQUISITOS

1. **Ter devoltos os libros de texto** (de 3º e 4º de EP) e o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2021-2022. A data límite para a devolución será o **Martes 21 de xuño**. Os libros entregaranse aos titores correspondentes o día de esa semana que o titor determine. De non facelo quedarían automaticamente excluídos do fondo solidario.
2. Os libros devoltos terán que estar **en bo estado**, no caso de deterioro intencionado ou perda terán que mercar outro igual para seguir dentro do programa de préstamo.
3. **Destinar o importe do vale 50 € á adquisición do material escolar** preciso. Correspóndelle aos que teñan unha renda igual ou inferior a 6000 € per cápita.
4. **Destinar o importe do vale para axuda de libros**. Corresponde:(140 €- Renda per cápita superior a 6000 € e inferior a 10000 e €210 €Renda per cápita inferior ou igual a 6000 €).

### SOLICITUDES

1. Preferiblemente por vía electrónica.
2. **Anexos I e II** poderán obterse no centro, na ventaiña de Administración ou descargarse en formato PDF en <http://www.edu.xunta.gal>.
3. A solicitude será única para todos os fillos/as que estean matriculados no centro. Excepto se a presentación realizase por sede electrónica que será necesario cubrir unha solicitude por cada fillo.
4. Debe vir asinada polo pai,nai ou titor/a legal do alumnado.
5. Poden presentarse por Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou na ventaiña de administración do centro en horario de 10:00 a 13:30, e os martes de 16:30 a 18:30.

### DOCUMENTACIÓN:

1. **Hai que presentar orixinal e copia de todo para compulsa.**
2. Copia do Libro de familia onde figuren todos os membros da unidade familiar, sentenza xudicial de separación ou divorcio, certificado ou volante de convivencia ou informe dos Servizos sociais que acrediten a situación familiar a 31 de decembro de 2020.
3. Certificado co grao de discapacidade se é o caso.
4. Documentación acreditativa da situación de violencia de xénero.
5. No caso de non autorizar a consulta telemática copia da declaración da Renda ou certificado de imputacións.

### PRAZOS:

- Inicio: do 19/05/2022 ao 22/06/2022
- Ultimo día para a devolución dos libros do fondo libros: 21/06/2022.
- Publicación de listaxes provisionais: a partir do 01/07/2022.
- Reclamacións ás listaxes provisionais: os días 05 e 06 de xulio de 2022.
- Publicación de listaxes definitivas: a partir do 08/07/2022.
- Recollida dos vales : entre o 11 e o 15 de xulio de 2022 e en setembro.
- Última data para o uso dos vales: 09/04/2022.